



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO
E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



Comunicado nº 061/19

11 de abril de 2019

▣ BASES E MEMORIA PARA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS NAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE GALICIA:

Consultadas, a maioría das Deputacións de Galicia, elas ríxense por baremo de puntuación en bases de concurrencia competitiva pola correspondente Comisión Avaliadora.

Para optar ás becas-bolsas de axuda teranse que presentar, no prazo requirido no Boletín Provincial, a seguinte documentación:

- 1.- Adxuntar programa deportivo con certificación de viabilidade da Federación, Autonómica ou Estatal, dependendo do programa.
- 2.- Obrigatoriedade de participación por unha Escudería da provincia.
- 3.- Participación obrigatoria en probas a celebrar na provincia, de carácter autonómico ou estatal, dependendo do programa presentado.
- 4.- De non cumprilo programa provincial, autonómico, ou estatal terase que reintegrar a tesorería da Deputación, a subvención percibida adxuntando transferencia coa memoria xustificativa a presentar antes do 20 de decembro do ano en curso, e xustificación do incumprimento.
- 5.- Terase que adxuntar presuposto económico, así como o programa deportivo a realizar (Internacional, Nacional, Autonómico, ou Provincial), detallando as probas onde se participará e a relación detallada de gastos e si houber ingresos provintes doutras institucións públicas deberán reseñarse na solicitude. Ademáis, presentarase certificado de estalo corrente coa Seguridade Social e AEAT.
- 6.- Ó acabala tempada deportiva, e antes do 20 de decembro do ano en curso, terase que adxuntar coa documentación xustificativa o de incumprimento manifesto dalgunha das cláusulas aceptadas e asinadas polo perceptor da bolsa-axuda-beca, outorgada pola correspondente Deputación, poderá esixir o reintegro, parcial ou total, da subvención outorgada.
- 7.- Para calquera disputa ou interpretación do convenio acatase, por ambas partes, a xurisdicción dos Xulgados Ordinarios da capital da provincia correspondente.
- 8.- **Publicidade:** tódolos vehículos terán que levar catro pegadas (adhesivos) de 36x11 cm., dúas nas esquinas das aletas dianteiras e dúas nas esquinas das aletas traseiras da Excma. Deputación Provincial correspondente.
- 9.- **Advertencia:** As bases entrarán en concurrencia competitiva, a exclusivo criterio da Comisión Avaliadora da Excma. Deputación correspondente, na base do baremo preconcebido de puntuación, que será publicado no Boletín Provincial.
- 10.- As áreas de deportes, das catro Excmas. Deputacións, para cada exercicio, destinará e publicará no Boletín Provincial unha cantidade presupostaría aprobada polo correspondente plenario.

ASESORÍA XURÍDICA DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO